



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 29 DE MAIO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a superior informática FP para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

*Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior Informática FP, grupo B, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 (BOP núm. 260, do 12.11.2025).

3º Aprobar as bases específicas, que complementarían ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA FP PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
Técnico/a Superior Informática FP	B	Ás distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a/s persoa/s ocupante/s realizará/n as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais dos requisitos sinalados na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
<p>- TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN DA LOE: Técnico/a Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede; Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma; Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web.</p> <p>- TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE INFORMÁTICA DA LOGSE: Técnico/a Superior en Administración de Sistemas Informáticos; Técnico/a Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas.</p> <p>- TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR DA FAMILIA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA DA LOE OU LOGSE: Técnico/a superior en Sistemas de telecomunicacións e informáticos.</p>

NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4

5. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS:

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais da cidadanía.
2. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.
3. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
4. O procedemento administrativo común. As persoas interesadas. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.

5. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario/a. As situacións administrativas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

6. Informática básica. Elementos constitutivos dun sistema de información. Arquitectura de ordenadores. Elementos básicos e funcións. A unidade central de proceso (CPU). A memoria do ordenador: tipos, xerarquía e modos de direccionamento.

7. Sistemas operativos, características e evolución. Características sistemas Windows, sistemas Linux e MACos.

8. A rede Internet, a súa historia, conceptos e características. Principais servizos de Internet e protocolos: correo electrónico, WWW, FTP, HTTP, HTTPS, SSL/TLS, e outros.

9. Redes de área local (LAN). Administración e xestión de persoas usuarias e dispositivos. Cableado estruturado e equipos de interconexión e conmutación de redes.

10. Redes sen fíos: estándares e protocolos, características e ferramentas. Administración e seguridade.

11. O modelo TCP/IP e o modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) de ISO: arquitectura, capas interfaces, protocolos.

12. Almacenamento masivo de datos. Sistemas SAN, NAS e DAS: compoñentes protocolos, xestión e administración.

13. Políticas, procedementos e métodos para a conservación da información en soporte electrónico. Seguridade e alta dispoñibilidade. Particionado de discos e recuperación de datos, sistemas RAID.

14. Conceptos de seguridade dos sistemas de información. Seguridade física. Seguridade lóxica. Elementos vulnerables, hardware, software e datos. Ameazas. Técnicas de ataque. Protección e medidas de seguridade.

15. Servizos de directorio activo. Definición elementos e nomenclatura, LDAP. Administración do directorio. Controladores de dominio, creación de dominios.

16. Certificados dixitais. DNI electrónico. Infraestrutura de clave pública. Criptografía simétrica e asimétrica. Autoridades e servizos de certificación.

17. Introducción ás bases de datos. Deseño de bases de datos. Deseño lóxico e físico. O modelo lóxico relacional. Normalización. Linguaxes de consulta de bases de datos (sentenzas DDL e DML). Estándar ANSI SQL.

18. Software de código aberto. Software libre, Software propietario. Concepto base. Licenzas. Paquetes ofimáticos.

19. Programación estruturada. Variables e tipos de datos, operadores, instrucións condicionais, bucles, recursividade. Procedementos e funcións, parámetros de entrada e saída. Linguaxes de programación estruturada.

20. Programación orientada a obxectos. Elementos: obxectos, clases, herdanza, métodos. Principais características, vantaxes e inconvenientes. Linguaxes de programación orientada a obxectos (Java, C, .NET).

21. Aplicacións web. Tecnoloxías de programación web: HTML; XML, CSS, JavaScript,. Servizos web. Creación de aplicacións na web: servidores de aplicacións, páxinas JSP, PHP.

22. Arquitectura cliente/servidor. Modelo de 2 capas e 3 capas. Compoñentes e operación. Arquitecturas de servizos web (WS). Servidores de aplicación: tomcat, jboss, iss.

23. Web 1.0, Web 2.0 e Web 3.0: características, historia e evolución. Aplicacións de xestións de contidos (CMS), características, vantaxes e inconvenientes. HTML5.

24. Intelixencia Artificial, conceptos básicos e características. Intelixencia Artificial xenerativa, *prompt engineering*. Intelixencia Artificial orientada ao desenvolvemento de aplicacións software.

25. Virtualización. Conceptos e métodos. Características da virtualización lixeira (contenedores) e da virtualización con hardware (hypervisor).

Lugo, 1 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1411

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 29 DE MAIO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR MARKETING E PUBLICIDADE, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior en Marketing e Publicidade para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

*Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE**:*

*1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de **Técnico/a Superior en Marketing e Publicidade**, grupo B, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 (BOP núm. 260, do 12.11.2025).

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo..”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN MARKETING E PUBLICIDADE PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
Técnico/a Superior en Marketing e Publicidade	B	Ás distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a/s persoa/s ocupante/s realizará/n as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais dos requisitos sinalados na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Técnico/a Superior en Márketing e Publicidade.

NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4.

5. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais da cidadanía.
2. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020): Órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa.
3. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
4. O procedemento administrativo común. As persoas interesadas. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.
5. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario/a. As situacións administrativas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

6. Clasificación dos actos. Fases. Planificación e execución dos actos.
7. Elaboración do programa para o desenvolvemento dun acto. Diferenzas: programa, escaleta e cronograma.
8. Tipoloxía de actos: actos públicos e actos privados. Normativa aplicable.
9. Servizo de protocolo. Principios de funcionamento e colaboración co resto de servizos e con outras administracións públicas ou entidades privadas.
10. Organización de actos para os medios de comunicación: rolda de prensa, presentacións a medios e entrevistas cos medios de comunicación.
11. Información e comunicación: os seus fins. Proceso de comunicación. Aspectos psicolóxicos e sociolóxicos da comunicación humana: clases de comunicación.
12. A Sociedade Rede. O ecosistema comunicativo actual. Estrutura e organización de medios en Galicia. O papel de cada medio de comunicación. As redes sociais. O papel das redes sociais nas Administracións Públicas: Concepto de rede social. Tipos de redes sociais. Vantaxes para a Administración Pública. Dificultades.
13. O plan de comunicación. Pasos para crear un plan de comunicación efectivo. Difusión interna e externa.
14. As audiencias activas. A cidadanía como consumidora e produtora de información. A participación cidadá nos medios. A comunicación cidadá e as súas canles.
15. Os medios audiovisuais. A comunicación nos cibermedios. A comunicación na sociedade en rede.
16. Comunicación dixital. Como crear unha imaxe positiva dunha institución e factores negativos. Contidos web e xestión de redes sociais. A aplicación das novas tecnoloxías na Administración Pública. Intranet e Internet.
17. A web corporativa nunha institución pública e gabinete de prensa virtual. Deseño gráfico multimedia. Tipografía e color. Formatos e optimización de imaxes. Uso de ferramentas de tratamento de imaxes.
18. Usabilidade e accesibilidade web: Normas de accesibilidade e marco lexislativo actual. Ferramentas de revisión de accesibilidade. Avaliación da usabilidade e da experiencia de usuario. Adaptación a dispositivos móbeis.
19. Marketing online: Análítica Dixital con Google Analytics. Técnicas de posicionamento SEO e SEM. Google Adwords. Google Webmaster Tools.
20. Comunicación nas redes sociais: Reputación dixital. Xestión de redes sociais. Curación de contidos.

21. Os gabinetes de comunicación na Sociedade Rede. O gabinete de comunicación dunha Administración Local: organigrama, características e funcións.

22. As rutinas de produción diarias no gabinete de comunicación dunha Administración Pública.

23. A xestión da información: orixe, evolución e situación na sociedade rede. A comunicación interna: características e estrutura. Técnicas e estratexias. A comunicación externa: características e estrutura. Técnicas e estratexias.

24. As fontes informativas. O gabinete de comunicación como fonte. O papel das fontes oficiais. Outras fontes. Identificación das fontes.

25. As roldas de prensa e comparecencias ante os medios de comunicación: organización e preparación. Convocatorias informativas: o caso das Administracións públicas locais. A organización de eventos mediáticos.

Lugo, 1 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1412

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 29 DE MAIO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Oficial/a Oficios Múltiples, para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026, de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

*Por todo a anterior, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

1º *Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de **Oficial/a Oficios Múltiples**, grupo C - subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).*

2º *Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).*

3º *Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.*

4º *Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

5º *Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.*

6º *Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE OFICIAL/A DE OFICIOS MÚLTIPLES PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
Oficial/a Oficios Múltiples	Grupo C - Subgrupo C2	Ás distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, FP Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.

Outros requisitos: **permiso de condución tipo B.**

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 3

6. PROGRAMA:

A) MATERIAS COMÚNS:

1. A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo as súas competencias, organización e dependencias.
2. A organización Territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

3. Instalacións de subministro de auga no interior dos edificios. Acometida e distribución. Partes de que constan e función de cada unha delas. Conducións, mecanismos e materiais empregados. Mantemento básico dos elementos que conforman a instalación. Patoloxías mais habituais.
4. Instalacións de evacuación en edificios. Augas residuais e augas pluviais. Rede de evacuación. Partes de que consta. Patoloxías mais comúns.
5. Soldadura en tubaría de cobre. Soldadura en ferro e aceiro inoxidable. Materiais, equipos e ferramentas utilizadas. Procedemento a seguir na execución de cada un destes casos de soldaduras.
6. Morteiros. Definición. Compoñentes que interveñen. O seu amasado e proporcións. Tipos de morteiros. As súas características construtivas e utilidades. Tipos de materiais cerámicos. Maquinaria e ferramentas utilizadas para a súa elaboración e posta en obra.
7. Tipos de madeira e tableiros. Cortes e ensamblaxes. Ferramentas de carpintería mais usuais. Ferramentas de man e máquinas. A súas funcións e manexo. O seu mantemento

8. Circuitos eléctricos no interior de edificios e instalacións. Condutores. Seccións mais habituais. Elementos que constitúen o circuito: Mecanismos de mando e protección.. Cadros de protección. Elementos dos que constan. Magnitudes fundamentais de electricidade.

9. Pintado de paramentos interiores e exteriores. Tipos de pintura utilizados. Materiais e ferramentas necesarias. Procedemento de execución. Preparación de superficies.

10. Limpeza e reparación de cubertas, caleiros e baixantes. Maquinaria e ferramentas utilizadas. Equipo de protección individual necesario neste traballo.

Lugo, 1 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1413

CONCELLOS

ALFOZ DO CASTRODOURO

Anuncio

Información pública

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do 26 de maio 2026 os seguintes padróns correspondentes ao primeiro trimestre de 2025:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga e taxa de vertedura.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, exponse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 26 de xuño de 2026 ata o 26 de agosto de 2026, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interporse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Alfoz do Castrodouro, 27 de maio de 2026.- A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 1379

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2026, o inicio dos trámites de alta no inventario municipal do tramo de camiño de 459 m2 (153 m. de lonxitude x 3 m. de ancho) que parte do camiño identificado co código 3-57 e enlaza co camiño co código 3-53, sito no lugar de Quitimil -Begonte, en cumprimento do disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, exponse ao público polo prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 27 de maio de 2026.- O alcalde - presidente, José Ulla Rocha.

R. 1380

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2026, o inicio dos trámites de desafectación ou alteración da cualificación xurídica do camiño público con referencia catastral 27007A064090050000GZ e identificado no Inventario co código 3-47, sito no lugar de Cardeite-Begonte, en cumprimento do disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, expónse ao público polo prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 27 de maio de 2026.- O alcalde - presidente, José Ulla Rocha.

R. 1381

LOURENZÁ

Anuncio

Notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida

Con fecha 19 de mayo de 2026 se inicia expediente en relación con la solicitud de baja en el Padrón de habitantes por inscripción indebida, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de la persona que se relaciona a continuación:

D/Dª Mouad Tager, con documento n.º: ***3139**

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 26 de mayo de 2026.- La alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 1385

Anuncio

Bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de seis monitores de tempo libre desempregados en réxime laboral temporal, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición, dentro do programa Actividades de Dinamización Infantil. Tempo de Lecer Lourenzá 2026.

Por Resolución da Alcaldía de data 27/05/2026 apróbase a convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de: seis monitores de tempo libre, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición, dentro do programa Actividades de Dinamización Infantil. Tempo de Lecer Lourenzá 2026.

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 28 de maio de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Rocío López García.

R. 1391

Anuncio

Bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal de: dous socorristas, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro da Orde do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de Concorrenza competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos, naturais e instalacións acuáticas descubertas.

Por Resolución da Alcaldía de data 22/05/2026 apróbase a convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección convocado para a contratación de traballadores desempregados en réxime laboral temporal por circunstancias da produción de: dous socorristas, para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición ao abeiro a Orde do 13 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos, naturais e instalacións acuáticas descubertas.

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 28 de maio de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Rocío López García.

R. 1392

LUGO*Anuncio*

Na sesión plenaria celebrada o día 15 de maio de 202 adoptáronse os acordos que, a seguir, se relacionan:

A)

Exp. 2026/G004/000297

2/64 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4003/2026, DO 12 DE MAIO DE 2026, RELATIVO Á ORGANIZACIÓN MUNICIPAL XURDIDA CON MOTIVO DA TOMA DE POSESIÓN DA NOVA ALCALDESA (2026/G004/000297).- Vista a proposta da Alcaldía, do 13 de maio de 2026 que, a seguir, se transcribe:

“Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do decreto número 4003/2026, do 12 de maio de 2026, do seguinte teor literal:

‘2026/G001/004128

DECRETO

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Logo de tomar posesión como alcaldesa presidenta deste Concello, na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 7 de maio de 2026, apróbase a nova organización municipal, polo que esta Alcaldía en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE** adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, dona María Elena Candia López, como membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Antonio Ameijide Osorio.
- Sr. D. Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
- Sra. D.^a María del Mar Carballas Piñeiro.
- Sr. D. Javier Vázquez Prado.
- Sra. D.^a Flora Rubinos Rois.
- Sra. D.^a Silvia Colmenero Guzmán.
- Sr. D. Agustín Gallego Vigo.

- Sr. D. Gustavo Enrique Díaz Rey.

SEGUNDO.- Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Javier Vázquez Prado e como primeira e segundo suplentes deste a dona María del Mar Carballas Piñeiro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

As súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **luns ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

CUARTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcalde as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcalde**:

- primeiro tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Antonio Ameijide Osorio.
- segundo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
- terceira tenente de alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a María del Mar Carballas Piñeiro.
- cuarto tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Javier Vázquez Prado.
- quinta tenente de alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a Flora Rubinos Rois.
- sexta tenente de alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a Silvia Colmenero Guzmán.
- sétimo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Agustín Gallego Vigo.
- oitavo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Gustavo Enrique Díaz Rey.

As tenentas e os tenentes de alcalde substituirán o alcalde pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

QUINTO.- A denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** será a seguinte:

ÁREA DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a "Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible", sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área e que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións de representación institucional con todo tipo de organismos ou entidades públicas e privadas, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Secretaría e auxiliar de secretaría da Alcaldía, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Protección civil, Servizo de Informática e os edificios dedicados ás novas tecnoloxías.

A esta Área de Alcaldía, Medio Ambiente, Xestión Integral de Recursos Humanos, Dinamización Económica e Relacións Institucionais, corresponderalle a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,

- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento e ornato de espazos públicos,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes
- xestión do persoal ao servizo da corporación local, incluído conserxería e notificadores/as.
- médica/o municipal.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns e Brigada de Augas e Saneamento, Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores/as.

Esta **ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de persoal. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores/as.

Dentro desta área créase unha concellería de carácter específico **CONCELLERÍA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,
- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- seguimento e xestión ordinaria da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía,
- establecer relacións de colaboración con entidades de carácter municipal e supramunicipal,
- participación en mesas de traballo de entidades de agrupación de intereses municipais,
- exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local, CEI- NODUS e Viveiros de empresas.

Así mesmo, a Alcaldía poderá encomendar directa e expresamente a calquera persoal municipal a elaboración concreta daquela documentación que se lle indique, relativa ás súas respectivas áreas de traballo.

ÁREA DE MOBILIDADE E OBRAS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte público de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.
- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías públicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria, Servizo de Enxeñaría, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

ÁREA DE URBANISMO

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- urbanismo,
- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico, incluíndo proxectos de obras ordinarias e de urbanización,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal,
- EVISLUSA,

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e Oficina de Arqueoloxía, así como a Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVISLUSA).

Esta **ÁREA DE URBANISMO** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo. Quedarían integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e da Oficina de Arqueoloxía.

ÁREA DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- contratación local,
- fomento das actividades de interese público,
- patrimonio municipal,
- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal,
- medidas de protección do benestar animal,

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano de orzamentación e contabilidade, Servizo de Contratación, Servizo de Fomento, Servizo de Participación e Atención Cidadá compartido coa Área de Industria e Mercados, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Cemiterio, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal e Taboleiro de Edictos.

Considéranse especificamente incluídos nesta área os seguintes **órganos directivos**:

- Órgano de orzamentación e contabilidade, coas competencias que lle atribúe o ROMGA.
- Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES, INFANCIA E XUVENTUDE

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.
- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude e infancia,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- festivais musicais e de artes
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e
- Arde Lucus, San Froilán, entre outros.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua que será compartido coa Área de Turismo e Museos, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música, puntos de información xuvenil, Servizo de Educación e pedagogas/os municipais, centros de educación infantil, celadores/as de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa da Música e Sección de Deportes.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE DEPORTES, INFANCIA E XUVENTUDE** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude e a infancia,
- prevención das drogodependencias,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea

de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes e Sección de Deportes.

ÁREA DE ZONA RURAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas do ámbito rural.
- dinamización e promoción sociocultural dos centros situados na zona rural.
- todas aquelas funcións encamiñadas á satisfacción das necesidades da zona rural.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: centros de dinamización rural, Parque Móbil municipal, Brigada e Parque de Maquinaria e Unidades de Zona Rural.

ÁREA DE INDUSTRIA E MERCADOS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- promoción, apoio e desenvolvemento da industria no ámbito local,
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Participación e Atención Cidadá compartido coa Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, Encargado/a e vixilantes/as de prazas e mercados.

ÁREA DE TURISMO E MUSEOS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- turismo e promoción da cidade,
- museos e salas municipais de exposicións,
- oficinas de turismo,

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua que será compartido coa Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude.

ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL, MAIORES, MIGRACIÓN, MULLER E CONCILIACIÓN

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados, servizo de axuda no fogar e servizo de xantar no fogar),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- pisos de emerxencia social,
- atención aos maiores,
- voluntariado social,
- minorías étnicas,
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).
- organizacións non gobernamentais,
- centros de dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).
- centros municipais: pisos de acollida e Casa da Muller,
- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da conciliación.

- inmigración,
- impulso da convivencia e programas e actividades de integración social,
- creación de espazos de convivencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de emerxencia social, Centro de Día Antonio Gandoy e programas “Sen Teito”, “Acompañámoste” e “Atención ás persoas maiores” e outros directamente relacionados coas materias propias desta área, centros onde se desenvolven actividades asociativas (Casa “Clara Campoamor”, Casa María Mariño, Centro interxeracional Paco Martín, Centro Leiras Pulpeiro e Centro Díaz Castro).

Dentro desta área créase unha concellería de carácter específico **CONCELLERÍA DE MULLER E CONCILIACIÓN**, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- centros municipais: pisos de acollida e Casa da Muller,
- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade e diversidade en todos os eidos,
- promoción da conciliación.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Centro de Atención á Muller e pisos de acollida e todos aqueles programas que se desenvolvan relacionados con esta materia.

SEXTO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía, Medio Ambiente, Xestión Integral de Recursos Humanos, Seguridade, Dinamización Económica e Relacións Institucionais cuxa titularidade se reserva esta Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Antonio Ameijide Osorio, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE MOBILIDADE E OBRAS**.

Ao segundo tenente de alcaldesa, Ilmo Sr. D. Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE URBANISMO**.

Á terceira tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a María del Mar Carballas Piñeiro, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL**.

Ao cuarto tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Javier Vázquez Prado, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES, INFANCIA E XUVENTUDE**.

Á quinta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Flora Rubinos Rois, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE ZONA RURAL**.

Á sexta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Silvia Colmenero Guzmán, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE INDUSTRIA E MERCADOS**.

Ao sétimo tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Agustín Gallego Vigo, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE TURISMO E MUSEOS**.

Ao oitavo tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Gustavo Enrique Díaz Rey, atribúeselle a titularidade da **ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL, MAIORES, MIGRACIÓN, MULLER E CONCILIACIÓN**

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentas/es de alcalde delegadas/os de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

SÉTIMO.- Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentas/es de alcalde de acordo co seguinte:

As e os tenentas/es de alcalde delegadas/os de área, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Obras **suplirao o tenente de alcaldesa delegado da Área de Urbanismo**.

2. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude **suplirao o tenente de alcaldesa delegado da Área de Turismo e Museos.**
3. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Zona Rural **supliráa o tenente de alcaldesa delegado da Área de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación.**
4. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Industria e Mercados **supliráa a tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal.**
5. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Urbanismo **suplirao o tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Obras**
6. Ao sexto tenente de alcaldesa delegado da Área de Turismo e Museos **suplirao o tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude.**
7. Ao sétimo tenente de alcaldesa delegado da Área de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación **suplirao a tenenta de alcaldesa delegada da Área de Zona Rural.**
8. Á oitava tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal **supliráa a tenenta de alcaldesa delegada da Área de Industria e Mercados.**

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcalde titular dunha área e o seu suplente, asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os a Alcaldía, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a mesma.

OITAVO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentas/es de alcalde delegadas/os de área e nas e nos concelleiras/os delegadas/os o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e
- corresponderalle á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a ela ou a outra área.
- corresponderalles ás e aos tenentas e tenentes de alcalde delegadas/os de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.
- A alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:
- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- exercicio das atribucións que lle corresponden á alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS** a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

NOVENO.- As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

1. En DONA CRISTINA SANZ ARIAS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.**
2. En DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE DEPORTES, INFANCIA E XUVENTUDE.**
3. En DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER E CONCILIACIÓN.**

Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluírán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenente de alcalde delegada ou tenente de alcalde delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

DÉCIMO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentas/es de alcalde delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegadas/os** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- "**visto e prace**" das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,
- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,
- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e
- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR:

1. Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación.
2. Coa finalidade de efectuar as modificacións que procedan no xestor de expedientes e demais aplicacións informáticas, este Decreto terá efectos o **TERCEIRO DÍA SEGUINTE AO DA SÚA SINATURA**, período no que deberán manifestar a súa aceptación os delegados e delegadas, aceptación que se entenderá automaticamente efectuada co transcurso de dito prazo.
3. Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederáse á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.´

Asinado dixitalmente á marxe pola Excm. Sra. alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.

O Excmo. Concello Pleno quedou informado.

B)

Exp. 2026/G004/000298

3/65 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4004/2026, DO 12 DE MAIO DE 2026, RELATIVO Á DELIMITACIÓN DA FUNCIÓN DE SUPERVISIÓN POLÍTICA E PROGRAMÁTICA DE INFRAESTRUTURAS ATRIBUÍDA Á CONCELLEIRA NON ADSCRITA, DONA MARÍA REIGOSA CASTRO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 13 de maio de 2026 que, a seguir, se transcribe:

“Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do decreto número 4004/2026, do 12 de maio de 2026, do seguinte teor literal:

‘2026/G001/004138

DECRETO

A Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

ANTECEDENTES

Primeiro. Dona María Reigosa Castro ostenta a condición de concelleira do Excmo. Concello de Lugo e actualmente ten a condición de concelleira non adscrita, conservando os dereitos individuais inherentes ao seu cargo representativo, nos termos previstos na lexislación de réxime local.

Segundo. O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles corresponderían de permanecer no grupo de procedencia.

Terceiro. Corresponde á Alcaldía a dirección da política, do goberno e da administración municipal, así como o impulso e coordinación da acción de goberno municipal, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo.

Cuarto. Esta Alcaldía considera conveniente ordenar, facer transparente e delimitar a participación da concelleira non adscrita en materia de infraestruturas, mediante unha función de supervisión política e programática orientada ao seguimento, impulso, contraste e avaliación dos compromisos e actuacións municipais nesta materia.

Quinto. Para evitar calquera confusión co exercicio de competencias executivas, funcións administrativas ou dirección material do servizo, faise constar expresamente que a supervisión prevista neste decreto non ten natureza técnica, administrativa, resolutoria, directiva nin xerárquica, senón exclusivamente política e programática.

Sexto. A presente resolución non comporta delegación de competencias, delegación de sinatura, nomeamento como concelleira delegada, nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local, nomeamento como tenente de alcaldesa, atribución de cargo directivo, integración no equipo de goberno, retribución, dedicación, asistencia, indemnización nin asignación de medios persoais propios.

Sétimo. En municipios de gran poboación, a Lei 7/1985 contempla como órganos directivos municipais, entre outros, os coordinadores xerais de cada área ou concellaría. Por tal razón, esta resolución non crea nin atribúe a condición de coordinadora xeral, coordinadora de área, directora, responsable de área ou cargo equivalente.

Oitavo. O artigo 126.5 da Lei 7/1985 permite que poidan asistir ás sesións da Xunta de Goberno Local concelleiros non pertencentes á mesma cando sexan convocados expresamente pola Alcaldía, sen que tal asistencia lles atribúa a condición de membros da Xunta, dereito de voto, participación na adopción de acordos nin cómputo para quórum.

Noveno. A presente resolución ten por finalidade reforzar a seguridade xurídica, delimitar as actuacións autorizadas e excluídas, e evitar que a participación política da concelleira non adscrita poida ser interpretada como unha delegación encuberta, unha dirección material da área ou un incremento de dereitos económicos ou políticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia da Alcaldía. A Alcaldía ostenta as competencias de dirección política, goberno e administración municipal nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo.

Segundo. Réxime dos membros non adscritos. O artigo 73.3 da Lei 7/1985 limita os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos, que non poderán ser superiores aos que lles corresponderían de permanecer no grupo de procedencia. Esta resolución debe interpretarse e aplicarse conforme a ese límite.

Terceiro. Xunta de Goberno Local. A eventual asistencia da concelleira non adscrita á Xunta de Goberno Local só poderá producirse cando sexa convocada expresamente pola Alcaldía, nos termos previstos no artigo 126.5 da Lei 7/1985, sen voto, sen cómputo para quórum e sen participación na adopción de acordos.

Cuarto. Órganos directivos municipais. A presente resolución non crea nin atribúe órgano directivo municipal ningún. A denominación e función de supervisión política e programática non pode equipararse á figura de coordinador xeral de área ou concellaría prevista para municipios de gran poboación.

Quinto. Natureza delimitadora e preventiva. Este decreto ten natureza organizativa, delimitadora e preventiva. O seu obxecto non é outorgar potestades executivas, senón precisar o alcance da participación política da concelleira non adscrita, establecendo de forma expresa as funcións permitidas e as excluídas.

En virtude do anterior esta Alcaldía **RESOLVE**:

Primeiro. Obxecto.

Establecer e delimitar o réxime de participación de dona María Reigosa Castro, concelleira non adscrita do Excmo. Concello de Lugo, mediante unha función de supervisión política e programática de determinadas actuacións municipais en materia de infraestruturas.

A presente resolución non constitúe delegación de competencias, delegación de sinatura, nomeamento como membro do equipo de goberno, nomeamento como concelleira delegada, nomeamento como coordinadora xeral, coordinadora de área, directora, responsable de área, membro da Xunta de Goberno Local nin tenente de alcaldesa.

Segundo. Denominación funcional.

Aos efectos de identificación da función prevista nesta resolución, dona María Reigosa Castro poderá ser denominada "Supervisora de Infraestruturas", baixo a dirección da Alcaldía.

A dita denominación ten carácter descriptivo dunha función de supervisión política non executiva e non terá natureza de cargo orgánico, cargo directivo, cargo administrativo, cargo representativo do Concello nin cargo de goberno.

A denominación utilizada non poderá interpretarse como equivalente á figura de coordinador xeral de área ou concellaría prevista na lexislación aplicable aos municipios de gran poboación.

Terceiro. Definición e alcance do termo "supervisión".

Para os efectos deste decreto, o termo "supervisión" entenderase exclusivamente como supervisión política e programática, isto é, como actividade de seguimento, impulso político, contraste de prioridades, avaliación programática e traslado de propostas ou incidencias á Alcaldía respecto das actuacións municipais en materia de infraestruturas.

A dita supervisión non terá natureza técnica, administrativa, executiva, resolutoria, directiva nin xerárquica, nin implicará control funcional do persoal municipal, dos órganos directivos, dos contratistas, dos concesionarios ou das entidades dependentes do Concello.

A supervisión política e programática realizarase sempre baixo a dirección e responsabilidade da Alcaldía, sen prexuízo das competencias que correspondan á Xunta de Goberno Local, ás concellarías delegadas, aos órganos directivos municipais e aos servizos administrativos competentes.

Cuarto. Funcións que poderá desenvolver.

A Supervisora poderá realizar o seguimento político e programático das actuacións municipais en materia de infraestruturas.

Poderá impulsar politicamente perante a Alcaldía propostas, prioridades ou actuacións relacionadas coas infraestruturas municipais.

Poderá trasladar á Alcaldía e, se é o caso, á concellaría competente, propostas non vinculantes, demandas veciñais, incidencias ou prioridades de actuación.

Poderá participar en reunións políticas de seguimento, coordinación e avaliación cando sexa convocada pola Alcaldía.

Poderá solicitar información municipal polos cauces ordinarios recoñecidos aos membros da Corporación.

Poderá ser informada pola Alcaldía ou polos órganos municipais competentes sobre o estado das actuacións incluídas no ámbito material desta supervisión política e programática, sen que iso supoña acceso xeral ou privilexiado a expedientes administrativos fóra dos cauces ordinarios.

Poderá dar conta á Xunta de Goberno Local do resultado da súa función de supervisión política e programática cando sexa convocada expresamente pola Alcaldía.

Poderá participar en actos públicos, reunións veciñais ou comparecencias de carácter político ou programático en materia de infraestruturas, sempre baixo a dirección da Alcaldía e sen actuar como titular da área, concelleira delegada, responsable municipal executiva ou autoridade competente na materia.

Quinto. Asistencia á Xunta de Goberno Local.

A Supervisora poderá ser convocada expresamente pola Alcaldía, ao abeiro do artigo 126.5 da Lei 7/1985, para asistir a sesións ou puntos concretos da Xunta de Goberno Local cando se considere conveniente a súa presenza para dar conta da supervisión política e programática encomendada.

A súa asistencia non comportará a condición de membro da Xunta de Goberno Local, nin dereito de voto, nin cómputo para quórum, nin participación na adopción de acordos, nin dereito económico ningún.

A asistencia requirirá convocatoria expresa da Alcaldía, sen que este decreto xere dereito propio, permanente ou adquirido a asistir a futuras sesións.

A Supervisora deberá gardar reserva e confidencialidade sobre as deliberacións e sobre a documentación á que, se é o caso, teña acceso.

Sexto. Funcións expresamente excluídas.

A presente designación non habilita á Supervisora para resolver expedientes administrativos.

Non poderá exercer competencias delegadas nin delegación de sinatura.

Non poderá dirixir técnica, administrativa, executiva ou xerarquicamente a área de Infraestruturas.

Non poderá impartir ordes, instrucións ou directrices ao persoal funcionario, laboral, eventual ou directivo.

Non poderá dar instrucións a contratistas, concesionarios, empresas municipais ou entidades dependentes.

Non poderá validar, conformar ou autorizar informes, proxectos, certificacións, propostas de gasto, contratos, obras ou actuacións administrativas.

Non poderá convocar nin presidir reunións técnicas ou administrativas en nome do Concello.

Non poderá formular propostas de acordo no seo da Xunta de Goberno Local nin participar na adopción dos seus acordos.

Non poderá representar institucionalmente o Concello fronte a outras Administracións, entidades ou terceiros, salvo encomenda expresa, puntual e formal da Alcaldía nos termos legalmente procedentes.

Non poderá acceder a expedientes ou documentación fóra dos cauces ordinarios recoñecidos aos membros da Corporación.

Non poderá dispoñer de persoal propio, medios materiais, correo funcional, axenda institucional ou recursos municipais propios dunha concellaría delegada ou cargo de goberno.

Non poderá percibir retribución, dedicación exclusiva ou parcial, asistencia, indemnización, compensación económica ou vantaxe económica por razón desta función.

Non poderá figurar no organigrama municipal como titular, responsable, directora ou coordinadora da área de Infraestruturas.

Non poderá utilizar membretes, sinaturas, tarxetas, notas de prensa ou referencias institucionais que induzan a pensar que ostenta delegación municipal, cargo executivo, dirección da área ou condición de membro do equipo de goberno.

Sétimo. Persoal eventual e medios municipais.

Ningún empregado público, persoal eventual, persoal directivo, funcionario, laboral ou contratado municipal quedará adscrito orgánica, funcional ou materialmente á Supervisora por razón desta resolución.

O eventual persoal de confianza ou asesoramento especial que puidese existir na área de Infraestruturas dependerá exclusivamente da Alcaldía, ou do órgano que corresponda conforme á organización municipal, sen que a Supervisora poida impartirle instrucións, encomendarlle tarefas, fixar a súa axenda ou dispoñer dos seus servizos.

Oitavo. Inexistencia de incremento de dereitos políticos ou económicos.

A presente resolución non comporta incremento dos dereitos políticos ou económicos da concelleira non adscrita respecto dos que lle corresponderían conforme ao artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

En particular, non se lle atribúen cargo, delegación, competencia, retribución, dedicación, asistencia económica, indemnización, persoal propio, medios materiais propios, representación institucional, integración en órgano de goberno, participación decisoria nin dereito político adicional ningún.

Noveno. Ubicación no salón de plenos.

A concelleira non adscrita ocupará no salón de plenos o asento que determine a Alcaldía-Presidencia no exercicio das súas facultades de ordenación das sesións, tendo en conta as características físicas do salón e procurando facilitar a emisión e recuento do voto.

A dita ubicación terá carácter meramente organizativo e protocolario, sen efectos xurídicos sobre o seu estatuto de concelleira non adscrita, sen pertenza ao equipo de goberno, sen atribución de cargo, delegación, función directiva, representación institucional, dereito económico adicional nin alteración do seu réxime de intervención e voto.

Décimo. Actuacións non amparadas.

Calquera actuación que exceda dos límites establecidos nesta resolución non se entenderá amparada pola mesma nin vinculará ao Concello.

En particular, non quedarán amparadas as actuacións que impliquen dirección material da área, impartición de instrucións, intervención decisoria en expedientes, representación institucional, uso de medios municipais propios dun cargo de goberno ou exercicio de funcións executivas.

A presente resolución ten por obxecto ordenar, delimitar e facer transparente a participación política da concelleira non adscrita, precisamente para evitar calquera confusión coa atribución de competencias executivas, funcións directivas, delegacións municipais ou dereitos económicos ou políticos adicionais.

Décimo primeiro. Seguimento e revisión.

A Alcaldía poderá modificar, limitar, suspender ou deixar sen efecto en calquera momento o réxime de participación previsto nesta resolución.

A Secretaría Xeral poderá emitir informe se na aplicación práctica desta resolución xurdisen dúbidas sobre o alcance das funcións delimitadas.

Calquera actuación con posible incidencia económica, orzamentaria, patrimonial, de persoal ou de organización administrativa requirirá, se é o caso, informe previo da Intervención municipal ou do órgano competente.

Décimo segundo. Comunicación e publicidade.

Notifíquese a presente resolución á concelleira interesada, á Secretaría Xeral, á Intervención municipal, á Xunta de Goberno Local, aos voceiros dos grupos municipais e aos servizos municipais afectados.

Publíquese, se procede, no Portal de Transparencia municipal nos termos legalmente previstos.

Décimo terceiro. Réxime de recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime procedente.

Cúmprase.’

Asinado dixitalmente á marxe pola Excm. Sra. alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.”

O Excmo. Concello Pleno quedou informado.

C)

Exp. 2026/G004/000300

4/66 CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 14 de maio de 2026 que, a seguir, se transcribe:

‘Logo da toma de posesión desta alcaldesa na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 7 de maio de 2026, co fin de adaptar as comisións do Pleno á nova organización municipal e, en cumprimento do disposto nos artigos 117 e seguintes do ROMP, segundo os cales correspóndelle ao Pleno acordar a creación, o número e denominación destas comisións e 122.3) parágrafo segundo e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

“122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ó número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. Corresponderán ás comisións as seguintes funcións:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.*
- b) O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ó Pleno.*
- c) Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.*

...”

PROPÓNSELLE ao Pleno da corporación:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS (artigo 121 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- **Carácter e funcións:** as comisións permanentes ordinarias do Pleno asumen as funcións de estudo, informe e consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da corporación, o seguimento da xestión do alcalde ou alcaldesa e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno, e as funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

2.- **Número e denominación:** créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS** que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da corporación, en relación coas materias comprendidas na Área de Alcaldía, Medio Ambiente, Xestión Integral de Recursos Humanos, Seguridade, Dinamización Económica e Relacións Institucionais.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE URBANISMO, MOBILIDADE E OBRAS E ZONA RURAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da corporación, en relación coas materias comprendidas nas áreas de Urbanismo, Mobilidade e Obras e Zona Rural.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES, INFANCIA E XUVENTUDE E TURISMO E MUSEOS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da corporación, en relación coas materias comprendidas nas áreas de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude, Turismo e Museos.

3.- **Composición:** estarán integradas por 9 membros de acordo co seguinte:

- 4 concelleiros/as en representación do Grupo Municipal do Partido Popular.
- 2 concelleiros/as en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.
- 2 concelleiros/as en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- 1 concelleiro/a non adscrito/a.

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá a persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e cun/cunha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo presidente ou presidenta do Pleno, quen poderá

exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros. Para a formación da vontade do órgano colexiado, aplicarase o sistema de voto proporcional.

De conformidade co artigo 137 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o presidente das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da corporación, para efectos informativos.

O secretario ou secretaria das comisións será o secretario ou secretaria xeral do Pleno ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual. A propia comisión deberá fixar, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.

Todo o cal se somete á consideración e deliberación, se é o caso, da Excm. corporación, que resolverá.'

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro (concelleira non adscrita). |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** aprobar a antedita proposta nos seus propios termos.

D)

Exp. 2026/G004/000301

5/67 CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 14 de maio de 2026 que, a seguir, se transcribe:

'Logo da toma de posesión desta alcaldesa na sesión plenaria extraordinaria celebrada o pasado día 7 de maio de 2026, co fin de adaptar as comisións do Pleno á nova organización municipal e, en cumprimento do disposto nos artigos 117 e seguintes do ROMP, segundo os cales correspóndelle ao Pleno acordar a creación, o número e denominación destas comisións e 122.3) parágrafo segundo e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

"122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ó número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. Corresponderán ás comisións as seguintes funcións:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.*
 - b) O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ó Pleno.*
 - c) Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.*
- ..."

PROPÓNSELLE ao Pleno da corporación:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS (artigo 121.2 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes especiais do Pleno rexeranse polas disposicións contidas no ROMP.

2.- Número e denominación: créanse dúas comisións permanentes especiais coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL E DE INDUSTRIA E MERCADOS**, que terá as funcións que lle asignan os artigos 115 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 130.3 do ROMP

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos ás áreas de goberno con competencias en materia de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal e de Industria e Mercados. Neste suposto, tamén asistirá ás súas reunións a persoa titular do órgano de xestión presupostaria,

de existir, cando se traten asuntos relativos ao estudo, consulta, informe, ditame do orzamento e, se é o caso, a aprobación do orzamento ou das súas modificacións.

Ás sesións da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal e de Industria e Mercados asistirán, en todo caso, o interventor ou interventora xeral, así como a persoa titular do órgano de xestión económico-financeira.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE POLÍTICA SOCIAL, MAIORES, MIGRACIÓN, MULLER E CONCILIACIÓN**, que terá as funcións que lle asigna o artigo 132 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e o disposto nos artigos 131 a 135 do ROMP.

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos á área de goberno con competencias en materia de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación.

3.- **Composición:** estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 concelleiros/as en representación do Grupo Municipal do Partido Popular.
- 2 concelleiros/as en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.
- 2 concelleiros/as en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- 1 concelleiro/a non adscrito/a.

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá a persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que lle impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e un/unha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo presidente ou presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros. Para a formación da vontade do órgano colexiado, aplicarase o sistema de voto proporcional.

De conformidade co artigo 137 del Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o/a presidente/a das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da corporación para efectos informativos.

O secretario ou secretaria das comisións será o secretario ou secretaria xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- **Réxime de sesións:** as comisións permanentes especiais do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual, que deberá fixar a propia comisión na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.

Todo o cal se somete á consideración e deliberación, se é o caso, da Excm. corporación, que resolverá.'

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro (concelleira non adscrita). |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** aprobar a antedita proposta nos seus propios termos.

E)

Exp. 2026/G004/000302

6/68 ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.- Vista a proposta da Alcaldía do 14 de maio de 2026 que é do seguinte teor:

'Examinado o expediente tramitado para os efectos e tendo en conta que na lexislación en materia de réxime local se prevé que só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno municipal (artigo 75.3. da LRBRL).

Tamén se recolle a percepción de indemnizacións a todos os membros das corporacións locais polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que, no seu desenvolvemento, aprobe o Pleno corporativo (art. 75.4 do mesmo texto legal).

As corporacións locais consignarán nos seus presupostos as indemnizacións e asistencias mencionadas, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, de ser o caso. Deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no Taboleiro de Anuncios da corporación os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias.

Tamén a citada Lei de réxime local, no seu artigo 73, establece que, para os efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais se constituirán en grupos políticos e, coa finalidade de facilitar o seu labor, determina que o Pleno da corporación, con cargo aos seus presupostos, poderá asignarlles aos grupos políticos unha dotación económica, que constará dun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles.

Para todos estes efectos, na base 18.i) 1, 2 e 3 e 18.j) 1 de execución do presuposto para o exercicio de 2026, recóllense as contías e condicións destas percepcións económicas.

De conformidade co anteriormente exposto, esta alcaldía ditou o Decreto número 4003/2026, do 12 de maio de 2026, no que se reflicte unha nova organización municipal con motivo da súa toma de posesión no Pleno do 7 de maio de 2026 o que fai preciso adaptar as referidas retribucións, asignacións e indemnizacións establecidas no referido acordo á nova organización reflectida no dito decreto, polo que se lle **PROPÓN** ao Pleno da corporación logo dos informes de Tesourería de existencia de crédito e de fiscalización da Intervención Xeral Municipal a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS:

1.- A alcaldesa presidenta percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de 78.048,74 euros, repartidas en 14 mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan).

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 56.356,72 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), os seguintes 9 cargos:

- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Zona Rural.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Turismo e Museos.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación.
- A concellería delegada de Deportes, Infancia e Xuventude.
- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos concelleiros/as con dedicación exclusiva a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das corporacións locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e ata os límites establecidos nestas ou nas disposicións que as regulen.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100% das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas, se é o caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de ASISTENCIAS e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

- a) Por concorrencia a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 250 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.
- b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 150 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.
- c) Por concorrencia ás sesións das comisións de Pleno, a asistencia de 150 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a **DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO** será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:

- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.
- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas neste acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva aceptación por parte dos tenentes e tenentas de alcalde delegados e delegadas, concelleiro delegado, así como dos dous concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e un do Grupo Municipal do BNG.'

E visto, así mesmo, o informe favorable da Intervención Xeral Municipal, do 14 de maio de 2026 no que, así mesmo, se recollen as aplicacións orzamentarias de aplicación en cada concepto.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | Do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro (concelleira non adscrita). |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** aprobar a antedita proposta nos seus propios termos.

Así mesmo a Excm. Sra. alcaldesa, dona María Elena Candia López, ditou os seguintes Decretos:

A) DECRETO NÚMERO 4051, DO 18 DE MAIO DE 2026

Exp. 2026/G001/004254

DECRETO

Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Visto o acordo número 6/68 do Excmo. Concello Pleno, adoptado na sesión extraordinaria do día 15 de maio de 2024, polo que se aproba a proposta desta Alcaldía no que atinxe, entre outros supostos, ás retribucións dos membros da Corporación e, concretamente, dos e das que as percibirán polo exercicio dos seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, entre os cales se contemplan os seguintes cargos:

- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Zona Rural.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Turismo e Museos.
- A tenencia de Alcaldía delegada da Área de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación.
- A concellería delegada de Deportes, Infancia e Xuventude.
- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.
- Un/unha concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG.

Vistos os escritos presentados polos Grupos Municipais do PsdeG-PSOE e do BNG, númeroS 183/2026 e 184/2026, respectivamente, do 18 de maio, de Rexistro de Pleno, no que comunican os nomes da concelleira e concelleiros que van percibir retribucións polo desempeño do cargo en réxime de dedicación exclusiva.

E tendo en conta o artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinando a Presidenta da Corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación.**

Segundo o anterior e logo da aprobación polo Decreto número 4003, do 12 de maio de 2026, de organización municipal e nomeamento dos tenentes e tenentas de alcalde, e concelleiro delegado e concelleiras delegadas, e o informe de fiscalización do interventor xeral municipal do 14 de maio do 2026, **RESOLVO:**

Primeiro.- Os seguintes membros da Corporación realizarán as súas funcións en réxime de **dedicación exclusiva:**

A Excm. Sra. alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López, coa cantidade de 78.048,74 euros, repartidos de conformidade co sinalado no informe de Intervención antes indicado.

Coa cantidade de 56.356,72 euros, repartidos de conformidade co sinalado no informe de Intervención antes indicado, aos seguintes 9 concelleiros e concelleiras:

- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, dona María del Mar Carballas Piñeiro.
- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude, don Javier Vázquez Prado.
- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Zona Rural, dona Flora Rubinos Rois.
- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Turismo e Museos, don Agustín Gallego Vigo.
- O tenente de alcaldesa delegado da Área de Política Social, Maiores, Migración, Muller e Conciliación, don Gustavo Enrique Díaz Rey.
- O concelleiro delegado de Deportes, Infancia e Xuventude, don Damián Carballo Méndez.
- Dona Ana María González Abelleira, concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.
- Don Jorge Bustos Atanasio, concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.
- Don Rubén Arroxo Fernández, concelleiro do Grupo Municipal do BNG.

Segundo.- Notifíqueselles aos interesados e interesadas coas seguintes indicacións:

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.
- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva require a súa aceptación polo designado ou designada.

Terceiro.- Notifíqueselles aos Servizos Económicos e ao de Persoal, para os efectos da súa alta no réxime xeral da Seguridade Social e aboamento das retribucións que correspondan, nos termos establecidos no acordo plenario número 6/68, do 15 de maio de 2026.

Cúmprase.

B) DECRETO NÚMERO 4378, DO 25 DE MAIO DE 2026

Exp. 2026/G001/004462

DECRETO

Excma. Sra. alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Vistos os acordos plenarios números 4/66 e 5/67 da sesión extraordinaria do 15 de maio de 2026, polos que se aprobaron, respectivamente, as propostas da Alcaldía relativas á creación e composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno, e vistos os escritos dos voceiros dos distintos grupos municipais designando os membros que formarían parte delas en representación de cada grupo e a constitución das ditas comisións celebradas o día 21 de maio de 2026 nas que se procedeu, entre outros aspectos, á elección de presidentes/as e vicepresidentes/as delas e á determinación dos días e horas de celebración destes órganos colexiados, esta Alcaldía **RESOLVE**:

Primeiro.- Efectuar, de conformidade cos escritos presentados polos voceiros dos distintos grupos municipais, o nomeamento dos membros das comisións permanentes ordinarias e especiais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL E DE INDUSTRIA E MERCADOS.

Composición (en representación dos grupos municipais):

Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: dona María Elena Candia López, dona Silvia Colmenero Guzmán, don Gustavo Enrique Díaz Rey e dona María del Mar Carballas Piñeiro.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona Ana María González Abelleira e don Waldir Sinisterra Restrepo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxo Fernández e dona María Cristina López Fernández.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Concelleira non adscrita:

Dona María Reigosa Castro.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidenta: dona Silvia Colmenero Guzmán.

- Vicepresidente: don Gustavo Enrique Díaz Rey.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 21 de maio de 2026).

COMISIÓN PERMANENTE DE URBANISMO, MOBILIDADE E OBRAS E ZONA RURAL.**Composición (en representación dos grupos municipais):****Grupo Municipal do Partido Popular**

Titulares: dona Cristina Sanz Arias, don Antonio Ameijide Osorio, don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez e dona Flora Rubinos Rois.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Jorge Bustos Atanasio e dona María Eugenia Iglesias Vargas.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: don Rubén Arroxo Fernández e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Concelleira non adscrita:

Dona María Reigosa Castro.

Presidenta e vicepresidente e data de celebración:

- Presidenta: dona María Reigosa Castro, concelleira non adscrita.

- Vicepresidente: don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas (sesión constitutiva do 21 de maio de 2026).

COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES, INFANCIA E XUVENTUDE E TURISMO E MUSEOS.**Composición (en representación dos grupos municipais):****Grupo Municipal do Partido Popular**

Titulares: don Javier Vázquez Prado, don Agustín Gallego Vigo, dona Aurora Aida Goás Castro e don Damián Carballo Méndez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán e dona María de los Ángeles Novo Martínez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Concelleira non adscrita:

Dona María Reigosa Castro.

Presidente e vicepresidente e data de celebración:

- Presidente: don Javier Vázquez Prado.
- Vicepresidente: don Agustín Gallego Vigo.
- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 21 de maio de 2026).

COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.**Composición (en representación dos grupos municipais):****Grupo Municipal do Partido Popular**

Titulares: dona María Elena Candia López, dona Cristina Sanz Arias, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: don Miguel Fernández Méndez e dona Ana María González Abelleira.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e don Alexandre Penas Roibás.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras pro orde da candidatura.

Concelleira non adscrita:

Dona María Reigosa Castro.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: dona María Elena Candia López.
- Vicepresidenta: dona Cristina Sanz Arias.
- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 21 de maio de 2026).

COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE POLÍTICA SOCIAL, MAIORES, MIGRACIÓN, MULLER E CONCILIACIÓN.**Composición (en representación dos grupos municipais):****Grupo Municipal do Partido Popular**

Titulares: don Agustín Gallego Vigo, dona Aurora Aida Goás Castro, don Gustavo Enrique Díaz Rey e dona María del Mar Carballas Piñeiro.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titulares: dona María de los Ángeles Novo Martínez e don Waldir Sinisterra Restrepo.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Titulares: dona María Cristina López Fernández e dona Iria Buide Pena.

Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Concelleira non adscrita:

Dona María Reigosa Castro.

Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:

- Presidenta: dona María del Mar Carballas Piñeiro.
- Vicepresidenta: dona Aurora Aida Goás Castro.
- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas (sesión constitutiva do 21 de maio de 2026).

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase.

Lugo, 26 de maio de 2026.- A secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García.

R. 1382

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Oficial Maquinista Fontaneiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 6 de Marzo de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 8/91 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2023.

- Visto o acordo 14/166 RECTIFICACIÓN DO ACORDO 8/91 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - SUBGRUPO C2) EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2023), ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 6 DE MARZO DE 2024, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024.

- Polo DECRETO Nº 3620/2024 do 19/04/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL FONTANEIRO MAQUINISTA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2023), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 e rectificadas na sesión do 10 de abril de 2024.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 097 do 26 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 120, do 21 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto noveno de dito acordo:

“NOVENO.- Rectificar o Acordo 8/91 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024 e rectificado polo Acordo 14/166 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 312, do 27 de decembro de 2024.

- Con data do 28 de xaneiro de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 8 de abril de 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PRBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria, segundo as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 3620/2024 do 19/04/2024 para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Maquinista Fontaneiro pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI
CASTRO CUENCA, JOSE MARIO	***2141**
CUPEIRO FERNANDEZ, PABLO	***6195**
LOPEZ IGLESIAS, ALEJANDRO MANUEL	***0950**
PRADO GONZALEZ, JESUS	***3839**
SIERRA FERREIRO, PABLO	***3286**

EXCLUÍDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
VEIGA SIERRA, JOSE MANUEL	***1765**	(1)

(1): Non aportar xustificante da Titulación esixida.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 9 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 1383

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Oficial Fontaneiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 6 de Marzo de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 9/92 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL FONTANEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2023.

Visto o acordo 13/165 RECTIFICACIÓN DO ACORDO 9/92 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL FONTANEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - SUBGRUPO C2) EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2023), ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 6 DE MARZO DE 2024, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024.

Polo DECRETO N^o 3615/2024 do 19/04/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL FONTANEIRO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2023), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 e rectificadas na sesión do 10 de abril de 2024.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 097 do 26 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 120, do 21 de xuño de 2024.

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto décimo de dito acordo:

“DÉCIMO.- Rectificar o Acordo 9/92 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL FONTANEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 6 de marzo de 2024 e rectificado polo Acordo 13/165 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 312, do 27 de decembro de 2024.

Con data do 28 de xaneiro de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 8 de abril de 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. - No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou

Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria, segundo as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 3615/2024 do 19/04/2024 para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Fontaneiro pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI
CASTRO CUENCA, JOSE MARIO	***2141**
CUPEIRO FERNANDEZ, PABLO	***6195**
LOPEZ IGLESIAS, ALEJANDRO MANUEL	***0950**
PRADO GONZALEZ, JESUS	***3839**
SIERRA FERREIRO, PABLO	***3286**

EXCLUÍDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
VEIGA SIERRA, JOSE MANUEL	***1765**	(1)

(1): Non aportar xustificante da Titulación esixida.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, sinalando un prazo de dez días hábiles para emendas (de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), contados a partir do seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 9 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 1384

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 27 de maio do 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 1º. **bimestre do exercicio 2025**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 27 de maio do 2026 ao 27 de xullo do 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos

simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 27 de maio de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1386

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións ANEXAS, PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABONADOS E DO SERVIZO DE CURSOS DE NATACIÓN INTERNOS E EXTERNOS DO MES DE abril 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 18.05.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente o servizo de abonados e do servizo de cursos de natación internos e externos do mes de abril do 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 08.06.2026 ata o 10.08.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 25 de maio de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1387

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA ABRIL 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 25.05.2026 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de ABRIL 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se

formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, con disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 15.06.2026 ata 17.08.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 25 de maio de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1388

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 28 de maio de 2026, aprobáronse as bases para creación dunha bolsa de emprego permanentemente aberta e a renovación e incorporación de novo persoal na bolsa de emprego para postos de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Pol. As bases reguladoras estarán expostas na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 28 de maio de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1393

A RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pónse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2025, formada pola conta xeral do Concello e a da Fundación municipal "TerrEo", co informe da Comisión Especial de Contas, por **prazo de quince (15) días**, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

A Ribeira de Piquín, 27 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1389

SARRIA

Anuncio

O día 26/05/2026, tras a celebración do proceso selectivo para a contratación dun operario con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos a xornada completa, quedado o mesmo deserto, o SR. Alcalde do Concello de Sarria acordou remitir novamente o anuncio de convocatoria do proceso selectivo ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo e proceder novamente a realizar o proceso de selección.

Ábrese o prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles, sendo de aplicación as bases aprobadas mediante Decreto 2026-0609 e 2026-0625 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 102 de data 07/05/2026.

Sarria, 27 de maio de 2026.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1394

O VICEDO

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2026, aprobou inicialmente o expediente nº 3/26 de modificación de créditos do presuposto municipal vixente. Dando cumprimento ó preceptuado no

artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, exponse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 28 de maio de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1395

XERMADE

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía 2026-0204, de data 27/05/2026 acordouse literalmente o seguinte”

“Decreto

Aprobación provisional da listaxe de admitidos/as e excluídos no proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura da praza de auxiliar administrativo/a do Concello de Xermade. Expte. 88/2026

D. ROBERTO GARCÍA PERNAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XERMADE.-

Publicadas as bases no BOP nº 7 o 28/02/2026, e extracto no DOG nº 56 do 25/03/2026 e no BOE nº 86 o 08/04/2026, e finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación o 07/05/2026, e vista a listaxe de aspirantes presentados, segundo consta no informe emitido pola funcionaria do Rexistro en data 11/05/2026, consonte ao disposto na base sexta, procede ditar resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura da praza de auxiliar administrativo/a do Concello de Xermade.

No uso das facultades que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura da praza de auxiliar administrativo/a do Concello de Xermade:

• Persoas admitidas:

Nº ORDE	Nº Rexistro	Data e hora	Interesado (DNI)	Interesado (Nome)
1	2026-E-RE-219	09/04/2026 11:19	***9569**	MARTA FERNANDEZ CORRAL
2	2026-E-RE-220	09/04/2026 11:49	***5796**	MARTA PEREZ MURADO
3	2026-E-RE-223	09/04/2026 15:18	***9891**	MIRIAM ALONSO DOMINGUEZ
4	2026-E-RE-224	10/04/2026 0:31	***9040**	MARTINA VILA SEREN
5	2026-E-RC-479	10/04/2026 9:36	***7732**	BERTA ARES LOPEZ
6	2026-E-RE-228	12/04/2026 11:34	***8908**	NEREA MAGIDE PASARO
7	2026-E-RC-495	13/04/2026 12:39	***3344**	JENNIFER CAAVEIRO PENA
8	2026-E-RE-230	13/04/2026 17:45	***2097**	UXÍA PAZ ALVAREZ
9	2026-E-RE-231	13/04/2026 20:11	***8891**	ALBA DOPICO NOVO
10	2026-E-RE-233	13/04/2026 23:18	***7808**	EVA MARIA CALVO TORQUEMADA
11	2026-E-RE-235	14/04/2026 20:05	***5865**	LUCIA ARIAS MAGIDE
12	2026-E-RE-238	15/04/2026 13:20	***3961**	SONIA LÓPEZ FERNÁNDEZ
13	2026-E-RE-242	16/04/2026 11:32	***8817**	MARIA NOELIA IGLESIAS PADIN
14	2026-E-RE-243	16/04/2026 18:08	***4668**	LUCIA REGO VAZQUEZ
15	2026-E-RE-247	17/04/2026 10:24	***1362**	SARA MERCEDES PICO MARIN
16	2026-E-RE-252	18/04/2026 11:39	***3550**	MARIA ARANZAZU VAZQUEZ IGLESIAS

17	2026-E-RE-253	20/04/2026 8:38	***1752**	SANDRA MEIZOSO MAZAS
18	2026-E-RE-258	20/04/2026 18:55	***4765**	ANA MARIA CORTIZAS DIAZ
19	2026-E-RE-260	21/04/2026 11:52	***8178**	PAULA CAMPELLO CASTRO
20	2026-E-RC-546	21/04/2026 12:14	***5143**	CRISTINA CALVO MORADO
21	2026-E-RC-547	21/04/2026 13:12	***8499**	LETICIA ALVITE PERNAS
22	2026-E-RE-264	22/04/2026 22:01	***7817**	INES FERNANDEZ CARREIRA
23	2026-E-RE-273	27/04/2026 18:14	***6016**	BELEN MARIA ENCABO GONZALEZ
24	2026-E-RE-276	28/04/2026 9:43	***4581**	MARIA ROCHA GARCIA
25	2026-E-RE-279	28/04/2026 11:06	***8483**	LORENA BERMUDEZ TESTA
26	2026-E-RE-280	28/04/2026 11:11	***1078**	BELEN PITA PITA
27	2026-E-RC-588	29/04/2026 12:25	***9512**	SILVIA GREGORIO DOPICO
28	2026-E-RC-589	29/04/2026 12:27	***4547**	LAURA GREGORIO DOPICO
29	2026-E-RC-590	29/04/2026 13:32	***8281**	MARIA SILVA IGLESIA
30	2026-E-RE-291	30/04/2026 13:09	***5154**	SONIA GARCIA GALDO
31	2026-E-RE-294	03/05/2026 17:33	***2537**	BEATRIZ FELPETO RODRIGUEZ
32	2026-E-RC-602	04/05/2026 10:26	***7402**	BELEN VIVERO GARCIA
33	2026-E-RE-298	04/05/2026 12:25	***6149**	DAVID PITA BARRO
34	2026-E-RC-606	04/05/2026 12:59	***4385**	JOEL AMENEIRO GESTO
35	2026-E-RE-305	05/05/2026 16:56	***8362**	SARAY BLANCO CANOURA
36	2026-E-RE-306	06/05/2026 10:44	***7742**	LUCIA GUIZAN TRASTOY
37	2026-E-RC-629	06/05/2026 11:51	***5927**	LAURA CABARCOS CAMBA
38	2026-E-RE-312	06/05/2026 20:45	***5629**	LAURA NOVO GEGUNDEZ
39	2026-E-RE-313	06/05/2026 21:32	***9510**	IGNACIO FRA MARTINEZ
40	2026-E-RC-636	07/05/2026 10:39	***8253**	ANA PERNAS VAL
41	2026-E-RE-316	07/05/2026 12:12	***1446**	ROSALIA LONGUEIRA ORRO
42	2026-E-RC-662	07/05/2026 13:28	***1059**	GABRIEL BLANCO VIVERO

• **Persoas excluídas**

Nº ORDE	Nº Rexistro	Data e hora	Interesado (NIF)	Interesado (Nome)	Causa da exclusión
1	2026-E-RE-218	09/04/2026 10:12	***1425**	MATEO PÉREZ PÉREZ	1
2	2026-E-RE-227	10/04/2026 11:58	***6700**	NURIA VECINO CORDERO	1, 2, 3
3	2026-E-RE-237	14/04/2026 22:04	***7249**	HECTOR VIZOSO DURAN	1
4	2026-E-RE-292	30/04/2026 16:38	***7934**	JAVIER FIGUEIREDO PEREZ	3
5	2026-E-RE-303	04/05/2026 19:28	***9785**	CAROLINA LILIANA VAZQUEZ	4

(1). Non presenta o Anexo I ou non presenta o Anexo I cumprimentado, tal e como se recolle na cláusula

(2). Non presenta DNI ou o presenta incompleto, tal e como recolle o punto 4a.

(3). Non adxunta copia do pagamento da taxa, tal e como recolle o punto 4c.

(4). Non acredita nacionalidade española, tal e como se recolle no punto 2a.

Segundo.- Contra esta resolución as aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días naturais,, contados a partir do seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, para presentar alegacións ou emendar o defecto que motivase a súa exclusión ou, no seu caso, a súa omisión por non figurar na relación de admitidas nin na de excluídas.

As aspirantes que dentro do prazo establecido no emenden a causa de exclusión provisional ou non aleguen a omisión provisional serán definitivamente excluídos da participación no proceso selectivo. Rematado o prazo de emenda ditarase resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidas/os e, de selo caso, excluídas/os deste proceso.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica para os efectos oportunos.

Asinado dixitalmente no Concello de Xermade na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Roberto García Pernas. Pola secretaria-interventora en réxime de acumulación tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE”

Xermade, 27 de maio de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1396